


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

30 de novembro – 1 de decembro do 2024

I DO TEMPO DO ADVENTO



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **nº 38** *Que veña Deus á nosa terra*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

A nosa celebración de hoxe comeza coa expresión dun desexo: “*Que veña Deus á nosa terra*”.

Comezamos o tempo do Advento, que é un tempo de esperanza na chegada do Señor. Preparámonos para acoller a Xesús que quere compartir a súa vida con nós, que quere dialogar con nós, que quere ser parte de nós.

Imos representar a nosa esperanza en Xesús abrindo cada semana unha fiestra da nosa casa do taboleiro, porque queremos ser fogar acolledor para que cando chegue non atope atrancos da nosa parte e poidamos sentilo sen trabas á nosa beira.

Atoparémonos con Xesús na súa Palabra, no seu Pan e nos irmáns. Abramos pois o nosos corazón para escoitar (a Palabra), para compartir (o Pan) e para acoller a tantos homes e mulleres que precisan de nós e esperan tamén a chegada dunha man amiga.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *A coroa do advento será nestas semanas o signo que mostra o noso agardar ao Señor. Pouco a pouco imos ir atopando a luz que nos alumea no camiño da espera e o encontro con Deus e cos demais.*

Alguén se achega á coroa do advento mentres se canta

CANTO ♪ n° 38 “**Que veña a luz** á nosa terra”

Monitor/a:

Hoxe queremos luz:

- * a luz dos que se esforzan á hora de facer comunidade en Os Cotos,
- * a luz dos que queren medrar á hora de ser FOGAR,
- * a luz dos que se poñen en pé á hora de botar unha man na casa, na escola, na catequese, no traballo, nas celebracións da parroquia, e en tantas e tantas cousas,
- * a luz de cantos queren compartir a vida de cada día nesta comunidade de fe facendo dela un fogar.

E acéndese unha das velas da coroa, mentres se canta

CANTO ♪ n° 38 “**Que medre a luz** na nosa terra”

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Nesta oración pedimos vontade e forza para prepararnos para o encontro con Xesús que está a vir. Na espera vivamos coa cabeza ben ergueita.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, concédenos a todos nós,
a vontade de camiñar ao encontro do Xesús,
que está para vir,
para que merezamos ser chamados
a entrar no teu Reino.

Pedímoscho por Xesucristo
que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:

San Paulo anima aos cristiáns de Tesalónica a esperar ao Señor e faino pondo diante deles o amor que se ten que vivir para ser verdadeiros cristiáns e pídelles que sigan medrando nel.

Xesús pola súa parte quere que esteamos vixiantes na nosa vida, que non perdamos de vista o noso compromiso cristián e que non desesperemos, ao contrario, que cada día saibamos que está máis próxima a nosa liberación.

Leccionario I-C páxina **1 Tes 3, 12 - 4, 2** **LECTURA**

LECTURA DA PRIMEIRA CARTA AOS TESALONICENSES

Irmáns e irmás:

Que o Señor vos faga medrar no amor duns cos outros e con todos, ata rebordar, como nos pasa a nós respecto de vós. Que El afinque os vosos corazóns nunha santidad sen falla diante de Deus, noso Pai, cando veña o noso Señor Xesús con todos os seus santos.

Polo demais, irmáns, pedímosvos con insistencia como cristiáns que, xa que aprendestes de nós como cómpre andar para contentar ao Señor, que sigades así e que progresedes aínda máis.

Porque ben sabedes que instrucións vos temos dado de parte do Señor Xesús.

Palabra do Señor

🎵 **nº 7 Andarei na presenza do Señor** **SALMO**

(en pé) *Leccionario I-C páx* **Lc 21, 25-36** **EVANXEO**

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela díxolle Xesús aos seus discípulos:

Habrá sinais no sol, na lúa e nas estrelas; e na terra as nacións tremerán coa angustia ante o bruar do mar e das ondas; os homes morrerán cheos de medo e de desacougo, polo que virá enriba do mundo, pois mesmo

os astros abalarán. Entón verán o Fillo do Home vir sobre unha nube con grande poder e gloria.

Pero cando empece a suceder todo isto, poñédevos de pé e erguede ben a cabeza, porque chega o día da vosa liberación.

Tende conta de vós mesmos; non sexa que vos atordoedes nas preocupacións da vida, e de súpeto caia sobre vós aquel día; porque caerá como un lazo sobre todos os que habitan a terra. Vós vixiade sempre, e pregade para que poidades comparecer seguros diante do Fillo do Home.

Palabra do Señor

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Presentación do taboleiro FOGAR DO NADAL



Coa súa axuda deste taboleiro imos preparando o FOGAR DO NADAL.

Ao longo das vindeiras catro semanas imos deixar que Xesús se vaia achegando. **Imos ir abrindo pouco a pouco o noso fogar para que Xesús poida nacer e facerse á nosa beira.**

Queremos facer do mundo un FOGAR acolledor.

Non somos unha comunidade que se pecha ao encontro do que ven a nós, ao contrario, necesitamos abrir portas e ventanas como signo da igrexa acolledora que cremos vale a pena ser.

Abrimos a primeira semana do advento.

ERGUEDE A CABEZA. EL CHEGARÁ



1ª advento
"ERGUEDE
A CABEZA"
EL
CHEGARÁ

Necesitamos espertar e camiñar coa cabeza ben ergueita. Quizais foron e son moitas as cousas que nos fan baixar a mirada pois non están sendo poucos os atrancos polos que pasa a nosa vida. Abrir hoxe esta igrexa do fogar é saber que contamos con Xesús, El chegará. E chega en cada muller e home que o fai ben: na familia e na casa, cos veciños e na parroquia, coa natureza coidándoa, coa igrexa en Os Cotos, ...

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Neste encontro parroquial, querendo facer igrexa de fogar, preparámonos para acoller a Xesús noso Salvador. Damos resposta da nosa fe diante dos demais dicindo:

♪ **Si, creemos**

Monitor/a:

Credes en Deus Pai, que nos enche do seu amor cando quere que o seu Fillo comparta a nosa vida?

Si, creemos

Credes en Xesús, que se achega a todos nós convidándonos a vivir medrando día a día na fraternidade, mirando sempre polos demais con ollos de tenrura?

Si, creemos

Credes no Espírito de Deus que alenta a colaborar acollendo a quen chega como desterrado, refuxiado e fuxindo da morte de lugares como Ucraia, Siria, Líbano, Israel e sobre todo Palestina?

Si, creemos

Credes na igrexa, comunidade de fogar que necesita de nós como exemplo de atención e acollida, para seguir facéndose crible na Unidade Pastoral de Os Cotos?

Si, creemos

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos ao Señor, noso Deus. Quen espera nel faise fogar acolledor. Oremos dicindo:*

VISITA AO TEU POBO, SEÑOR

Monitor/a:

✓ Por nós e por todo o mundo: para que, amándonos uns a outros, procedamos sempre agradando a Deus, e, cando veña o Señor Xesús, nos atope fogar acolledor. Oremos

✓ Polos gobernos: para que, procurando o ben común, defendan os dereitos de toda a xente, en especial da máis débil, e axuden a erguer as súas vidas. Oremos

✓ Polas persoas que están angustiadas, deprimidas ou desesperadas, para que atopen á súa beira unha man amiga que lles dea forzas para erguer a cabeza e sentirse orgullosos. Oremos

✓ Por nós para atrevernos a abrir os ollos e mirar polas mulleres que sofren; para atrevernos e abrir o corazón compartindo a dor dos veciños e veciñas que na riada o perderon todo, mesmo a vida. Oremos

✓ Finalmente rezamos sentíndonos orgullosos das nosas aldeas, dos nosos montes, da nosa natureza. Querémola coidada, viva e dándonos vida. Oremos

Celebrante: *Amósanos, Pai, a túa misericordia e dános a túa salvación en Xesucristo, con quen queremos ser fogar acolledor, por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Deus está cerca, Deus está na nai que espera un fillo e está no pai que dá un colo; está en quen espera paz e non violencia; está en quen sementa caridade e non egoísmo; está en quen coida de quen non se vale por si só. Deus está en ti, en min, en nós, e xuntos queremos ser igrexa de fogar. Recemos*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Esperamos a túa paz Señor para que tamén nós poidamos transmitila a tantas persoas que viven sen esperanza. Ser fogar acolledor na fe é selo contigo Señor, e é selo con todos os homes e mulleres, coa cabeza ben ergueita e orgullosos de compartir paz coas nosas mans. Fagámolo.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Compartimos a Boa Nova coa que Deus nos agasalla. Fágamos sitio a Aquele que quere nacer no medio de nós no Nadal.*

Ditosos nós que hoxe somos a igrexa do fogar convidada nesta mesa do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 38** *Que veña a luz á nosa terra*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, queremos que frutifique en nós esta celebración

pois Ti vasnos ensinando xa nesta vida a descubriremos o valor dos bens eternos e a poñermos neles o noso corazón.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

A nosa celebración de advento é esperanza naquel que ven ao noso encontro.

A nosa celebración advento é alegría de compartir a fe cos nosos irmáns facendo fogar.

A nosa celebración ten que ser tamén alento para vivir como verdadeiros cristiáns no medio da nosa sociedade.

Como signo de que queremos facer sitio a este Xesús que se achega imos levar con nós esta ventana aberta.

Repartimos as ventanas da primeira semana de advento

Que hai de bo no noso fogar como para que Xesús queira nacernos así?. Coa ventana que levamos agradezamos todas esas cousas polas que nos sentimos coa cabeza ergueita no noso fogar e coa nosa vida.



1ª advento

**"ERGUEDA
A CABEZA"
EL
CHEGARÁ**

Nas colectas que fixemos nas parroquias de Os Cotos recaudáronse 2.250 euros. Foron enviados a caritas de Valencia a través de Cáritas de Tui-Vigo. Moitas grazas.

REFACER VIDA



DESPOIS

DAS RIADAS

Avísase das misas (ver folla do mes)

***Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén***